



VI 1568

O río cando vai cheo
leva pedras e pedriñas
tamén podía levar -e
as miñas malas veciñas.

Unha vella dixo a outra
polo burato da porta
ghobernade na vosa vida
a miña non vos importa.

Una vieja de cien años,
un viejo de ciento dos -e,
juntaron las barriguitas
dijeron gracias a Dios -e.

Lalalara...

A muller dun zapateiro
por bonitiña que sea
ela ten os dentes negros
de tirar pola correa.

Lalalala...

Palmira lará Palmira
Palmira de ristrictás
deixade andar a Palmiriña
de ronda co seu rapaz
de ronda co seu rapaz
de ronda co seu pimpón
deixade andar a Palmiriña
de ronda co seu corazón.

Lalalala...

Unha vella dixo a outra
polo burato da porta
ghobernade na vosa vida
a miña non vos importa.

Somos dos compañeiritas
nos queremos como Dios
no hay otras que se quieran
como nosotras las dos.

Lalalara...



Este pandeiriño que toca
era de coiro de ovella
inda onte comeu herba
hoxe toca que rabea.

Laralara...

- Aseghurocho?

Este pandeiro que toca
era de coiro de ovella
inda onte comeu herba
hoxe toca que rabea.

- Eses cantares que tiñan os estudantes pois mandábanmos eles todos. Érache así (...). Eu tiña outro mozo por aí pero él non sabía nada.
- Cantos mozos tiñas?
- Eu tiña o meu mozo, e máis tiña outro, pero él non o sabía, non sabes? A el non podían saberllo, pola familia del, e a min na casa cando mo superon...

“Dame lume Lola
polo vertedeiro
se non me conoces
son o ferreiro.”

- No.

“Ábreme, Lola
que son o ferreiro
e comeralo caldo
nunha vacenilla.”

- No.

“Dame lume Lola
polo vertedeiro
se non me conoces
eu son o ferreiro.”

“Se é-lo ferreiro
pasa para dentro
comerálo caldo
nunha vacenilla”

- e a taza por dentro, claro. Pero non me saleu a min.



I 138b

O muíño moe moe
se moe deixa moer -e,
o muíño moe moe
se moe deixa moer -e.
O fillo do muiñeiro
rabea por me coller -e.

Lalalara...

I 138b

O muíño troula, troula
se troula déixao troular -e,
o muíño troula, troula
se troula déixao troular -e
o fillo do muiñeiro
rabea por se casar -e.

Lalalara...